

PROGRAMACIÓN DE VALORES ÉTICOS

CURSO 2018/2019

**CPI XANCEDA
MESÍA**

ÍNDICE

- 1. Contexto**
2. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
3. Obxectivos da área de Valores Éticos.
 - 3.1. - 1º e 2º ESO
 - 3.2. - 3º ESO
 - 3.3. - 4º ESO
4. Temporalización
5. Descritores.
6. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
7. Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliábeis.
 - 7.1.- 1º, 2º ESO
 - 7.2.- 3º ESO
 - 7.3 - 4º ESO
8. Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais para utilizar na aula.
9. Actividades complementarias.
10. Evidencias para o portfolio.
11. Criterios de cualificación e promoción.
12. Recursos didácticos.
13. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
14. Avaliación da programación didáctica.
19. Contribución ao Plan Lector
20. Contribución ao Plan TIC
21. Actividades Extraescolares.

4.1. Características do centro e do alumnado.

4.1.1.- Características do centro.

O CPI de Xanceda é un centro rural situado no Concello de Mesía, cun total de 69 alumnos matriculados na ESO no curso 2018/2019. Impártense os ensinos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

O baixo número de alumnado, permite atender mellor a súas necesidades educativas .

Neste curso 2018/19 na materia de valores éticos hai matriculados o seguintes alumnos/as.

1º ESO: 10 Alumnos/as

2º ESO: 4 Alumnos/as.

3º ESO: 5 Alumnos/as

4º ESO: 15 Alumnos/as

O profesor Javier Barreiro Pardo é o encargado de impartir esta meteria nos cursos de 1º e 2º ESO, e en 3º e 4º é David Quilón Aguilar.

1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS

2.1.- 1º e 2º ESO

1. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos que o rodean.
2. Descubrir a importancia dos valores éticos na formación da personalidade e a autoestima.
3. Comprender o concepto de virtude en Aristóteles para establecer relacións entre os actos, os hábitos e o carácter no desenvolvemento da personalidade.
4. Coñecer o concepto e as causas da crise de identidade que xorde na adolescencia.
5. Tomar conciencia da importancia que ten o desenvolvemento da autonomía e o control persoais no crecemento persoal e nas crises de identidade adolescentes, para poder identificar as súas causas e detectar as influencias que exercen os grupos sociais na personalidade.
6. Identificar os trazos máis característicos dos grupos de adolescentes reflexionando sobre a influencia que exercen sobre o individuo.
7. Recoñecer a diferenza entre autonomía e heteronomía desde a concepción kantiana.

8. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
9. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
10. Reflexionar sobre as propias emocións para recoñecelas en situacións cotiás e poder mellorar as habilidades emocionais.
11. Comprender o concepto de intelixencia emocional e valorar a súa importancia na personalidade e no carácter moral do ser humano para mellorar as súas habilidades emocionais.
12. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman, entendendo a súa influencia no desenvolvemento moral da persoa e valorando a vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos.
13. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
14. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
15. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
16. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
17. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
18. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social, identificar os problemas derivados da súa ausencia e promovelos en beneficio das persoas e da sociedade.
19. Describir as semellanzas e as diferenzas que existen entre a moral e a ética, valorando a importancia desta última para actuar de forma racional.
20. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
21. Explicar a función dos valores éticos na vida persoal e social do ser humano, destacando a importancia de ser respectados.
22. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
23. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
24. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.

2.2.- 3º ESO E 4º ESO

1. Argumentar os valores e os principios éticos da DUDH como base das democracias dos séculos XX e XXI.
2. Sinalar a importancia da participación cidadá nos aspectos políticos do Estado para asegurar unha democracia que defenda os dereitos humanos.
3. Resaltar o deber ético e cívico dos cidadáns para asumir a democracia como unha forma de vida, sendo conscientes dos riscos aos que está sometida para poder tomar as medidas oportunas.

4. Apreciar o valor do «Estado de dereito» e da «división de poderes» como eixes vertebradores do Estado democrático.
5. Recoñecer e respectar os fundamentos da Constitución española de 1978, resaltando os valores nos que se asenta e os deberes e os dereitos que ten o individuo para asumir os principios de convivencia recoñecidos polo Estado español.
6. Realizar unha lectura comprensiva dalgúns artigos da Constitución española relativos aos dereitos e aos deberes cidadáns e aos seus principios reitores.
7. Valorar a adecuación dos dereitos e dos deberes da Constitución española á Declaración Universal dos Dereitos Humanos para asumir de forma consciente e responsable os principios de convivencia que deben rexer no Estado español.
8. Identificar os principios fundamentais da política social e económica do Estado español, e a súa fundamentación ética.
9. Comprender os aspectos principais da UE para valorar a súa utilidade e as cousas que se están a conseguir.
10. Describir as consecuencias derivadas da xustificación das normas xurídicas, a través da reflexión sobre diversas teorías, para poder opinar de forma razoada sobre a base ética das leis.
11. Estudar as teorías do dereito natural ou iusnaturalismo e o convencionalismo, sinalando a súa interpretación no pensamento xurídico dalgúns filósofos.
12. Adquirir unha opinión coherente sobre a fundamentación ética das leis a través da comprensión da teoría positivista do dereito de Kelsen, así como da súa comparación co convencionalismo e o iusnaturalismo.
13. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
14. Entender o contexto histórico e político no que se elaborou a DUDH e recoñecer tanto a súa estrutura e o seu contido como os retos actuais que supoñen a súa aplicación.
15. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
16. Valorar as características dos «dereitos humanos», considerando o seu desenvolvemento histórico como unha conquista da humanidade.
17. Analizar os problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH na actualidade, resaltando as iniciativas que realizan institucións e ONG para defender os dereitos humanos dos que non teñen a oportunidade de exercelos.
18. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
17. Utilizar os valores éticos da DUDH como criterio para establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, evitando así unha aplicación indebida e facilitando a resolución dos dilemas morais que adoitan presentarse nos campos da medicina e da biotecnoloxía.
18. Tomar conciencia da falta de neutralidade de certas investigacións científicas actuais, cuxos obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH, en prol dun falso progreso e prexudicando as persoas ou o ambiente.
19. Identificar pautas e investigacións científicas que non respectan o código ético fundamentado na DUDH.
20. Coñecer que é a tecnociencia e avaliar o seu impacto negativo no ambiente.
21. Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía lle provoca ao ser humano.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento das competencias. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe que favorezan a transferencia do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Non resulta práctico nin eficaz abordar cada competencia de xeito global en cada unidade, polo que se estruturarán en indicadores, grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador ten tamén un carácter bastante xeral, por iso o descompoñemos no que chamamos «descriptores da competencia»; os cales «describen» o alumnado competente no devandito ámbito. Por cada indicador atoparemos entre tres e seis descriptores, redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descriptor en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade. Este é concreto e obxectivable, e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descriptores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas sexa o máis completo posible.

A diversidade de estilos de aprendizaxe do alumnado convídanos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que os caracterizan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Valores Éticos.

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descriptores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos afondar no eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar

argumentacións, considerar e realizar xuízos morais e aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as súas repercusións na vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste xeito, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores éticos e os dereitos humanos.

Por outro lado, contribuírase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da exposición e da resolución de dilemas morais, pois estes esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e de sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que possibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía e os valores éticos, para que aprenda a facer un bo uso dela no seu tempo libre.

Podemos adestrar os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración incrementanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que poderíamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

DESCRIPTORES

COMPETENCIAS CLAVE	CRITERIOS	ESTANDAREA
--------------------	-----------	------------

<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.

	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para usar mellor a devandita lingua. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto manifestacións propias e alleas polas culturais	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...) e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

TEMPORALIZACIÓN

	1º ESO	3º ESO
1ª AVALIACIÓN	Bloque 1 e 2	Bloque 1 e 2
2ª AVALIACIÓN	Bloque 3 e 4	Bloque 3 e 4
3ª AVALIACIÓN	Bloque 5 e 6	Bloque 5 e 6

5. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en dous bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

5.1.- 1º 2º ESO

CONTIDOS

Bloque 1. A dignidade da persoa

1. A persoa e a súa dignidade ética.
 - O concepto de persoa e as súas características.
 - A autonomía moral.
2. A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
 - A intelixencia emocional e as súas características.
 - Emocións, sentimentos e valores éticos.
 - A vida intrapersonal e as virtudes éticas.
 - As habilidades emocionais, segundo Goleman, e o desenvolvemento moral.
 - A introspección.
3. A adolescencia, a crise da identidade persoal e os valores éticos.

- A adolescencia: as súas características e a crise da identidade persoal.
 - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
 - Os grupos de adolescentes e os valores éticos.
4. A personalidade e os valores éticos.
 - A personalidade e o seu proceso de construción.
 - A autodeterminación e a adquisición das virtudes e dos valores éticos persoais.
 - Actos, hábitos e carácter.
 - A importancia da virtude en Aristóteles.
 5. A autodeterminación e os valores éticos.
 - O papel da liberdade e os valores éticos na construción da propia identidade e a súa autoestima.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e a vida moral.
 - A socialización e a interiorización das normas morais.
 - A crítica racional como medio de superación social e cultural.
 - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
 - Os valores éticos nas relacións entre o individuo e a sociedade.
 - As virtudes éticas nas relacións interpersoais.
 - A importancia das virtudes e dos valores éticos nas relacións interpersoais.
 - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.
 - As relacións entre a sociedade e o individuo, o ámbito público e o privado, a liberdade individual e a social.

Bloque 3. A reflexión ética

1. As relacións entre ética e moral.
 - A ética e a súa relación coa moral.
 - A reflexión ética e o desenvolvemento humano.
 - Os valores, características e xerarquía.
 - Os valores éticos e a súa relación coa plena realización humana.

Bloque 4. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

1. Os dereitos humanos e a DUDH.
 - Características dos dereitos humanos.
 - As tres xeracións de dereitos humanos, orixe histórica e documental.
 - Os dereitos da muller e da infancia no século XXI, a súa problemática específica e a

necesidade da súa difusión e respecto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. A dignidade da persoa

1. *Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.*
 - 1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico e algunhas definicións achegadas por filósofos.
 - 1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.
 - 1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun «ser moral».
2. *Apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
 - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, unha persoa digna de ser apreciada por ela mesma.
 - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.
3. *Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, describindo as características dos grupos que forman os mozos e a influencia que exercen sobre os seus membros, co fin de tomar conciencia da necesidade que teñen, para seguir crescendo moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.*
 - 3.1. Coñece información, de fontes diversas, acerca dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, realizando un resumo coa información obtida.
 - 3.2. Elabora conclusións acerca da importancia que ten para o adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme os valores éticos libremente elixidos.
 - 3.3. Busca información acerca das causas que provocan a crise de identidade persoal nos adolescentes e aprecia a importancia de superar o egocentrismo moral, intelectual e emocional propio deste momento, para pasar á etapa de autonomía moral.
4. *Identificar os conceptos de heteronomía e de autonomía mediante a concepción kantiana da persoa, co fin de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.*
 - 4.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.
 - 4.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar

fins alleos a ela.

5. *Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas mediante o esforzo e a vontade persoal.*
 - 5.1. Identifica en que consiste a personalidade, os factores xenéticos, sociais, culturais e ambientais que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación do ser humano.
6. *Xustificar a importancia que ten o uso da razón e da liberdade no ser humano para determinar «como quere ser», elixindo os valores éticos que desexa incorporar a súa personalidade.*
 - 6.1. Describe e estima o papel relevante da razón e da liberdade para configurar, cos seus propios actos, a estrutura da súa personalidade.
 - 6.2. Realiza unha lista daqueles valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, explicando as razóns da súa elección.
7. *Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
 - 7.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, cos hábitos e co carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
 - 7.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas destas e ordenándoas de acordo cun criterio racional.
8. *Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.*
 - 8.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ser humano.
 - 8.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos e como se relacionan coa vida moral.
 - 8.3. Atopa a relación que existe, disertando en grupo, entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e de automotivación, como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras.
9. *Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional, o seu carácter moral e a súa influencia na construción da personalidade, sendo capaz de utilizar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos, co fin de mellorar as súas habilidades emocionais.*
 - 9.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano e elabora, en colaboración grupal, un esquema explicativo acerca do tema.
 - 9.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade consigo mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos seus propios principios éticos, entre outras.
 - 9.3. Utiliza a introspección como medio para recoñecer as súas propias emocións, sentimentos e estados de ánimo, co fin de ter un maior autocontrol deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da súa propia conduta.

10. *Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*

10.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.

10.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

1. *Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.*

1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.

1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, acerca da influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.

1.3. Achega razóns que fundamentan a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións acerca deste tema.

2. *Descibir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa mediante a análise do papel que desempeñan os axentes sociais.*

2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e das normas morais que rexen a conduta da sociedade na que vive e se desenvolve o ser humano.

2.2. Exemplifica, en colaboración grupal, a influencia que teñen na configuración da personalidade humana os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e extraendo algunhas conclusións.

2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional como medio indispensable para adecuar os costumes, as normas, os valores, etc., do seu contorno aos valores éticos universais establecidos na DUDH, rexeitando todo aquilo que atente contra a dignidade humana e os seus dereitos fundamentais.

3. *Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, co fin de identificar os límites da liberdade persoal e social.*

3.1. Define os ámbitos da vida privada e da pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os dous casos.

3.2. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, expoñendo as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informáticos.

3.3. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións

- entre o individuo e a sociedade, como a responsabilidade, o compromiso, a tolerancia, o pacifismo, a lealdade, a solidariedade, a prudencia, o respecto mutuo e a xustiza, entre outros.
- 3.4. Xustifica o deber moral e cívico que toda persoa ten de prestar auxilio e socorro a todo aquel cuxa vida, liberdade e seguridade estea en perigo de forma inminente, colaborando, na medida das súas posibilidades, na prestación de primeiros auxilios en casos de emerxencia.
 - 3.5. Reflexiona acerca do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entrambos os dous, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de xeito concreto tales casos e expoñendo as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.
4. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional, sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
 - 4.1. Comprende a importancia que, para Goleman, teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, elaborando un resumo esquemático acerca do tema.
 5. *Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais co fin de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarios no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.*
 - 5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas.
 - 5.2. Mostra, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara aos dereitos que todo ser humano ten a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especificamente, a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
 - 5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalas de forma natural na súa relación cos demais.
 - 5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado.
 6. *Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
 - 6.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.
 - 6.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalas de forma natural na súa relación cos demais.
 - 6.3. Práctica algunhas técnicas de comunicación interpersoal mediante a realización de diálogos orais, como a forma axeitada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilizalas no momento adecuado.

- 6.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
7. *Xustificar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.*
- 7.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
- 7.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, como a responsabilidade, o compromiso, a tolerancia, o pacifismo, a lealdade, a solidariedade, a prudencia, o respecto mutuo e a xustiza, entre outros.
- 7.3. Destaca o deber moral e cívico que toda persoa ten de prestar auxilio e socorro a todo aquel cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de forma inminente, colaborando, na medida das súas posibilidades, en prestar primeiros auxilios en casos de urxencia.

Bloque 3. A reflexión ética

1. *Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano cara á súa plena realización.*
- 1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral en canto á súa orixe e á súa finalidade.
- 1.2. Acheга razóns que xustifican a importancia da reflexión ética como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos nos que se fundamenta.
2. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libres e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.*
- 2.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
- 2.2. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola cal esta é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
3. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
- 3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.
- 3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
4. *Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, clasificación e xerarquía, co fin de comprender a súa natureza e a súa*

importancia.

- 4.1. Explica que son os valores, as súas principais características e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.
 - 4.2. Busca e selecciona información acerca da existencia de diferentes clases de valores, como os relixiosos, os afectivos, os intelectuais, os vitais, etc.
 - 4.3. Realiza, en traballo grupal, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición co uso de medios informáticos ou audiovisuais.
5. *Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de que sexan recoñecidos e respectados por todos.*
- 5.1. Describe as características distintivas dos valores éticos utilizando exemplos concretos e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e na conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.
 - 5.2. Utiliza o seu espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos tanto na vida persoal como social.
6. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
- 6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, no nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
 - 6.2. Emprende, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.

Bloque 4. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

1. *Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, co fin de entendela como unha necesidade do seu tempo cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.*
 - 1.1. Explica a función da DUDH como un «código ético» recoñecido polos países integrantes da ONU co fin promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.
 - 1.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que deron orixe á DUDH, entre eles, as ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns seres humanos sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como á discriminación e ao exterminio de todos aqueles que non pertencesen a unha determinada etnia, modelo físico, relixión, ideas políticas, etcétera.
 - 1.3. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU e a data na que se asinou a DUDH, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.
2. *Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos*

esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.

- 2.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta Declaración reconece ao ser humano como persoa posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu Preámbulo.
3. *Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH co fin de coñecela e propiciar o aprecio e o respecto cara a ela.*
 - 3.1. Constrúe un esquema acerca da estrutura da DUDH, a cal se compón dun preámbulo e 30 artigos, que poden clasificarse do seguinte xeito:
 - Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a toda persoa: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non discriminación.
 - Os artigos 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.
 - Os artigos 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.
 - Os artigos 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticos.
 - Os artigos 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.
 - Finalmente, os artigos 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.
 - 3.2. Elabora unha campaña, en colaboración grupal, co fin de difundir a DUDH como fundamento do dereito e da democracia no seu ámbito escolar, familiar e social.
4. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que presenta na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
 - 4.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos, partindo da primeira xeración: os dereitos civís e políticos, seguindo cos da segunda xeración: económicos, sociais e culturais, e estudando os da terceira: dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz.
 - 4.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
 - 4.3. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e nenas son vítimas no século XXI, como o abuso sexual, o traballo infantil, a súa utilización como soldados, etc.
 - 4.4. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu contorno familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.
5. *Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH na actualidade, apreciando o labor que realizan institucións e ONG que traballan na defensa dos dereitos humanos auxiliando aqueles que non teñen a oportunidade de exercelos.*
 - 5.1. Investiga, a partir de información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos que ten a aplicación da DUDH en canto ao exercicio dos dereitos civís — destacando os problemas relativos á intolerancia, á exclusión social, á discriminación da muller, á violencia de xénero e á existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc. — e dos dereitos políticos —

guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados políticos, etcétera.

- 5.2. Indaga, en colaboración grupal, acerca do labor de institucións e voluntarios que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos, como Amnistía Internacional, Manos Unidas, Médicos sen Fronteiras ou Cáritas, entre outros, elaborando e expresando as súas conclusións.

5.2.- 3º ESO

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en dous bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

CONTIDOS

Bloque 1. A xustiza e a política

1. A democracia actual e a xustiza.
 - A xustiza como valor ético e político en Aristóteles.
 - A DUDH como fundamento ético e universal da democracia dos séculos XX e XXI.
 - O Estado de dereito como garantía da xustiza.
2. Estrutura e fundamento ético da democracia actual.
 - O Estado de dereito e a defensa da xustiza como valor ético e cívico supremo da democracia.
 - A DUDH como criterio universal de xustiza para avaliar os sistemas de goberno e a lexitimidade dun Estado.
 - Montesquieu e a división de poderes como garantía do dereito e da xustiza.
 - A democracia como forma de vida.
 - Os riscos e os problemas das democracias actuais.
3. O modelo español e os valores éticos.
 - A Constitución española de 1978: «Os dereitos e deberes fundamentais da persoa» e «Os dereitos e liberdades públicas da persoa».
 - O Preámbulo e o fundamento da súa lexitimidade e a súa finalidade.
 - O deber e o respecto dos cidadáns á Constitución española.
 - A adecuación da Constitución española aos principios establecidos na DUDH.
 - Os principios reitores da política social e económica do Estado español e a súa xustificación ética.
 - As obrigas fiscais dos cidadáns españois, a súa relación cos orzamentos xerais do Estado e a súa fundamentación ética.
4. O modelo da Unión Europea.
 - A Unión Europea: definición, desenvolvemento histórico, obxectivos e estrutura.
 - A Unión Europea e o respecto á DUDH.
 - Beneficios logrados na UE polos Estados membros e os seus cidadáns.

Bloque 2. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

1. O problema da xustificación e a orixe das normas xurídicas.

- O positivismo xurídico de Hans Kelsen.
 - Tres modelos de xustificación do dereito: o iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico.
2. Os fundamentos éticos do dereito e a DUDH.
 - O vínculo entre a ética e o dereito.
 - Legalidade e lexitimidade.
 - A DUDH como código ético universal que fundamenta o dereito.
 - A dignidade da persoa como fundamento dos dereitos humanos.
 - 3 A DUDH como xustificación ética das normas xurídicas:
 - Características dos dereitos humanos.
 - Contexto histórico e político da súa elaboración e o seu recoñecemento.
 - O contido e a estrutura da DUDH.
 4. Evolución e desafíos actuais dos dereitos humanos.
 - As tres xeracións de dereitos humanos, orixe histórica e documental.
 - Os dereitos da muller e da infancia no século XXI, a súa problemática específica e a necesidade da súa difusión e respecto.
 - Retos actuais na aplicación da DUDH.

Bloque 3. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

1. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía.
 - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
 - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
 - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
 - Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.
 - A tecnociencia e o seu impacto negativo no ambiente.
 - A tecnodependencia.
 - Os dilemas morais actuais no ámbito da medicina e da bioética.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. A xustiza e a política

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
 - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
 - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
 - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade ética do Estado.
 - 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a

importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

3. *Identificar nos valores éticos o fundamento que, na actualidade, fai da democracia a forma de goberno máis valorada fronte a outras alternativas autoritarias ou totalitarias.*
 - 3.1. Xustifica eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos recollidos na DUDH.
4. *Comprender que, neste momento, non é suficiente que un Estado sexa democrático para recoñecer a súa lexitimidade; esíxese que, ademais, sexa un Estado xusto, tomando como criterio de xustiza o respecto aos dereitos humanos.*
 - 4.1. Elabora, en colaboración grupal, unha lista dos valores éticos contidos na DUDH nos que se debe fundamentar un Estado democrático para que sexa xusto.
5. *Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e dos principios éticos contidos na DUDH como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de Estado de dereito e de división de poderes.*
 - 5.1. Fundamenta racional e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.
 - 5.2. Define o concepto de Estado de dereito e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.
 - 5.3. Describe o significado e a relación entre os seguintes conceptos: democracia, cidadán, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.
 - 5.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan os poderes lexislativo, executivo e xudicial no Estado democrático, así como a necesidade da división de poderes como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns o control do Estado.
6. *Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado co fin de evitar o risco de que nunha democracia se violen os dereitos humanos.*
 - 6.1. Asume e explica o deber moral e civil dos cidadáns de participar activamente no exercicio da democracia co fin de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.
 - 6.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que ameazan os gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH, como a súa dexeneración en demagoxia, a ditadura das maiorías e a escasa participación cidadá, entre outros, formulando posibles medidas para evitalos.
7. *Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.*
 - 7.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis destacados nos que se fundamenta a Constitución española, sinalando a orixe da súa lexitimidade e a finalidade que persegue mediante a lectura comprensiva e comentada do seu Preámbulo.
 - 7.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética, como a nación española, a pluralidade ideolóxica, o papel e as

funcións atribuídas ás forzas armadas, etc., a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.

8. *Mostrar respecto pola Constitución española identificando nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes que ten o individuo como persoa e como cidadán, apreciando a súa adecuación á DUDH, co fin de asumir de forma consciente e responsable os principios de convivencia que deben rexer no Estado español.*

8.1. Sinala e comenta a importancia dos dereitos e das liberdades públicas fundamentais da persoa establecidos na Constitución, como a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, o carácter aconfesional do Estado español, o dereito á libre expresión de ideas, o dereito á reunión pública e á libre asociación e os seus límites, etc.

9. *Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos defendidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos dereitos e os deberes dos cidadáns (artigos 30 ao 38) e os principios reitores da política social e económica (artigos 39 ao 52).*

9.1. Coñece e aprecia a adecuación da Constitución española á DUDH, sinalando os valores éticos nos que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns, así como os principios reitores da política social e económica.

9.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución e ordénaos segundo a súa importancia, expresando a xustificación da orde elixida.

9.3. Achega razóns para xustificar a importancia que ten para o bo funcionamento da democracia o feito de que os cidadáns sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.

9.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.

10. *Coñecer os aspectos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos Estados membros e os seus cidadáns, co fin de recoñecer a súa utilidade e os logros que esta alcanzou.*

10.1. Describe, acerca da UE, a súa integración económica e política, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta de acordo coa DUDH.

10.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes achegaron para a vida dos cidadáns, tales como a anulación de fronteiras e de restricións aduaneiras, a libre circulación de persoas e de capitais, etc., así como as obrigas adquiridas nos diferentes ámbitos: económico, político, de seguridade e paz, etc.

Bloque 2. Os valores éticos, o dereito, a DUDH e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

1. *Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, analizando o significado dos termos de «legalidade» e de «lexitimidade».*

1.1. Busca e selecciona información en páxinas web para identificar as diferenzas e as semellanzas entre a ética e o dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.

2. *Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas mediante a análise das teorías*

do dereito natural, ou iusnaturalismo, o convencionalismo a teoría positivista do dereito elaborada por Kelsen, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico dalgúns filósofos, co fin de ir conformando unha opinión argumentada acerca da fundamentación ética das leis.

- 2.1. Elabora, en grupo, unha presentación con soporte dixital acerca da teoría iusnaturalista do dereito, os seus obxectivos e características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta en canto á orixe das normas xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado.
 - 2.2. Destaca e valora, no pensamento dos sofistas, a distinción entre *physis* e *nomos*, describindo a súa achega ao convencionalismo xurídico e elaborando conclusións argumentadas acerca deste tema.
 - 2.3. Analiza información acerca do positivismo xurídico de Kelsen, principalmente o relativo á validez das normas xurídicas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.
 - 2.4. Recorre ao seu espírito emprendedor e iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración grupal, comparando estas teorías sobre o dereito e explicando as súas conclusións.
3. *Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, co fin de entendela como unha necesidade do seu tempo cuxo valor continúa vixente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.*
- 3.1. Explica a función da DUDH como un «código ético» recoñecido polos países integrantes da ONU co fin promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.
 - 3.2. Selecciona e contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que deron orixe á DUDH; entre eles, as ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns seres humanos sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, a discriminación e o exterminio de todos aqueles que non pertencían a unha determinada etnia, a un modelo físico ou non compartían as ideas políticas, etc.
 - 3.3. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU e a data na que se asinou a DUDH, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.
4. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
- 4.1. Coñece e valora os trazos distintivos dos dereitos humanos: innatos, universais e irrenunciáveis.
 - 4.2. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos, partindo da primeira xeración: os dereitos civís e políticos, seguindo cos da segunda xeración: económicos, sociais e culturais, e estudando os da terceira: dereitos dos pobos á solidariedade, o desenvolvemento e a paz.
 - 4.3. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
 - 4.4. Xustifica a necesidade de actuar na defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e nenas son vítimas no século XXI, como o abuso sexual, o traballo infantil, a súa utilización como soldados, etc.
 - 4.5. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu contorno familiar, escolar e

social, avaliando os resultados obtidos.

5. *Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.*

5.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta Declaración lle recoñece ao ser humano como persoa posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu Preámbulo.

6. *Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH co fin de coñecela e propiciar o aprecio e o respecto cara a ela.*

6.1. Constrúe un esquema acerca da estrutura da DUDH, a cal se compón dun preámbulo e 30 artigos, que poden clasificarse do seguinte xeito:

- Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a toda persoa: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non discriminación.
- Os artigos 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.
- Os artigos 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.
- Os artigos 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticos.
- Os artigos 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.
- Finalmente, os artigos 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.

6.2. Elabora unha campaña, en colaboración grupal, co fin de difundir a DUDH como fundamento do dereito e da democracia no seu contorno escolar, familiar e social.

7. *Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH na actualidade, apreciando o labor que realizan institucións e ONG que traballan na defensa dos dereitos humanos auxiliando aqueles que non teñen a oportunidade de exercelos.*

7.1. Investiga, a partir de información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos que ten a aplicación da DUDH en canto ao exercicio dos dereitos civís — destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc. — e dos dereitos políticos — guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados políticos, etcétera.

7.2. Indaga, en colaboración grupal, acerca do labor de institucións e voluntarios que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos, como Amnistía Internacional, Manos Unidas, Médicos sen Fronteiras ou Cáritas, entre outros, elaborando e expresando as súas conclusións.

Bloque 3. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía

1. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*

1.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no contorno humano e

ambiental, sinalando as causas.

- 1.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
2. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme os valores defendidos na DUDH.*
 - 2.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os contornos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
 - 2.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
 - 2.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
3. *Entender e valorar o problema da tecnoddependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
 - 3.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnoddependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
4. *Aplicar os valores éticos contidos na DUDH nos campos científico e tecnolóxico co fin de evitar o seu emprego inadecuado e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*
 - 4.1. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer algúns dos avances en medicina e en biotecnoloxía que presentan dilemas morais, como a utilización de células nai, a clonación e a euxeñese, entre outros, sinalando algúns perigos que agochan se se prescinde do respecto á dignidade humana e aos seus valores fundamentais.
 - 4.2. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan na confrontación de ideas co fin de solucionar os dilemas éticos sen esquecer a necesidade de utilizar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.

4º de ESO

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de apren

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. A dignidade da persoa			
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. • B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. • B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB1.1.1. Identificar os dereitos inalienables e universais que establece a DUDH sobre a dignidade do ser humano, tanto que persoa e o que son atributos inherentes á súa natureza humana. • VEB1.1.2. Identificar os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. • VEB1.1.3. Reconocer e utilizar adecuadamente os termos e expresións seguintes que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais			

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB2.1.1. Comenta, establecido pola DUDH, artigos do 12 ao 17, do individuo que o Estado debe respectar e fomentar as relacións existentes entre eles. • VEB2.1.2. Explica os principios que establece o Estado que establece nos artigos do 18 a 21 para determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadáns que o Estado debe protexer e respectar. • VEB2.1.3. Elaborar unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos sobresaíntes tratados e expón as súas conclusións de xeito argumentado.
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Fenómeno da socialización global. • B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. • B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión e dereito á información. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que desempeñan. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización global mediante o que se interiorizan as normas, costumes, etc.

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	expresión outros dereitos.	deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.	<ul style="list-style-type: none"> • VEB2.2.2. Sinala os p... encerra o fenómeno de socialización global que desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e defende a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos. • VEB2.2.3. Diserta sobre o impacto que teñen os medios de comunicación masiva na moral das persoas e na sociedade, expresando opinións con rigor intelectual. • VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación xurídica en relación cos medios de comunicación masiva, respectando a liberdade de información e a liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.
Bloque 3. A reflexión ética			

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • f • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. • B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB3.1.1. Racionalmente e importancia da reflexión do século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o poder que poden representar os grandes propietarios políticos e económicos violentos, que teñen alcanzado o alcance armamento científico e tecnolóxico capaces de pór en grave ameaza os dereitos fundamentais da persoa. • VEB3.1.2. Sinala a importancia dos novos campos da ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.)

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g • h • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle imponen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB3.2.1. Describe as circunstancias que no actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, educativa, económica e afectiva, etc., co obxectivo de deseñar, a partir do proxecto de vida, un plan de acción determinando libremente os valores éticos que guíalo/a.
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • d • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Éticas formais e éticas materiais. • B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB3.3.1. Define os valores éticos distintivos das éticas formais e materiais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. • VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional) e así como a importancia que achega á ética universal.

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB3.3.3. Aprecia, kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa e o carácter ético esencial e a súa manifestación no discurso categórico e as súas formulacións.
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB3.4.1. Identificar o discurso como unha ética e describe en que consiste o imperativo categórico, formula, sinalando as súas características e as diferenzas que existen entre o imperativo da ética de Kant e o imperativo da ética de Habermas. • VEB3.4.2. Utilizar o discurso como iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación coa axuda do informático acerca dos principios formais, expresando opinións elaborando argumentos fundamentados.
Bloque 4. A xustiza e a política			

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Democracia e xustiza. • B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB4.1.1. Comprender a importancia que ten a democracia e a xustiza para os cidadáns e as cidadáns e como se cumpran os seus deberes (defensa dos valores cívicos, coidado e conservación de todos os bens públicos, participación en eleccións de representantes políticos/as, respecto á tolerancia á pluralidade de creencias, acatamento das sentenzas dos tribunais, xustiza, pagamento de impostos establecidos, etc.).

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • h • l 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. • B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB4.2.1. Diserta conclusións, en grupo, das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización. Non se establece unha ética e política de desigualdade, interdependencia e internacionalización de conflitos armados, de modelos económicos determinados por intereses económicos que privilexian o consumismo e a liberdade humana, etc.

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB4.2.2. Comenta o significado dos valores éticos e políticos que se reflicten nos estados, ante os retos da globalización, de toma de decisións e de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o respecto polos valores éticos e a súa importancia, así como a necesidade de respectar todo o mundo (contribuír na construción dunha sociedade xusta e fomentando a tolerancia respecto aos dereitos das persoas; honestidade, pacifismo, prudencia, comprensión mediante diálogo, a defensa e a conservación da natureza, etc.).
	Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DU)		

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. • B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.1.1. Explica a finalidade das características xurídicas dentro do marco da súa xustificación ética e fundamento da súa lealdade e da súa obediencia. • VEB5.1.2. Debate sobre a solución de problemas cando hai un conflito entre principios éticos do ámbito dos da orde civil, facendo propostas de solucións razoadas, como os de desobediencia civil ou obxección de conciencia.
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veu de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de identificar os principais conceptos da teoría de Rawls e a súa unha relación entre eles (posición orixinal e veu de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza propón).

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.2.2. Realiza un análise crítico acerca da teoría e explica a súa argumentada acerca de
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. • B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. • B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.3.1. Analiza racionalmente a importancia dos dereitos humanos coa finalidade de para alcanzar polas sociedades os Estados, e recoñece que aínda teñen que superar • VEB5.3.2. Sinala as deficiencias no exercicio dos dereitos económicos (pobreza, e falta de educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.3.3. Empreza e desenvolvemento sustentable: elaboración dunha proposta de negocio con soporte informático e audiovisual, acerca de institucións e voluntariado en todo o mundo, traballo en defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU), organismos, como o Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza Europea, etc.

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • d • e • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.7. Dereito á seguridade e a paz. • B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. • B5.9. Ameazas á paz. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.4.1. Diserta, en grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, aprecia a súa importancia e o exercicio do dereito á liberdade, elaborando opinións e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). • VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, coa aspiración colectiva á liberdade internacional recoñecida na Constitución española e a violación dos dereitos humanos, solidariedade coas vítimas da violencia.

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.4.3. Empr... elaboración dunha pr... con soporte audiovis... algunhas das novas... para a paz e a segu... mundo actual (... desastres ambientais, naturais, mafias inte... pandemias, ataques ci... tráfico de armas de... masiva, de persoas e c... etc.).
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. • B5.11. Misións das Forzas Armadas. • B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.5.1. Coñece, asume como cidadán... os compromisos inte... realizados por Es... defensa da paz e a... dos dereitos human... membro de c... internacionais (ONU... UE, etc.).

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			<ul style="list-style-type: none"> • VEB5.5.2. Explorará a importancia da misión das armadas (artigo 15 da Constitución) en defensa nacional) en defensa e seguridade de dereitos humanos, promoción da paz, contribución en situación de emerxencia e axuda humanitaria tanto a nivel nacional como internacional. • VEB5.5.3. Analizará as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e velan polo cumprimento dunha normativa internacional fundamentada nos principios da DUDH.
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.			

Valores éticos. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • e • f • h • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para avaliar, en conta para a súa idoneidade, a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade dos obxectivos que se pretenden, a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais e ambientais que a súa realización pode ter.
<ul style="list-style-type: none"> • a • d • f • g • h 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> • VEB6.2.1. Comprender a necesidade de aplicar a creación e o uso de normas de control, e a aplicación da ética deontolóxica dos científicos/as e tecnólogos/as en xeral, para as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.

6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e este adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como a ensinanza recíproca, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitirá ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

Dentro de cada Unidade Didáctica, as estratexias metodolóxicas funcionarán do seguinte xeito, para o desenvolvemento das tarefas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.

- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor ou da profesora.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

8. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares, utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste, fundamentalmente, na recollida de evidencias da evolución do alumnado. Pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar a cada estudante que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área de Valores Éticos poden ser:

- Actividades do libro do alumnado ou da proposta didáctica que traballen explicitamente sobre os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos estudantes.
- Produtos de aprendizaxe deseñados en tarefas de aplicación nun contexto real.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación, o profesorado, departamento, seminario ou equipo docente decidirá o peso que terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus alumnos e alumnas na cualificación final de cada trimestre e de cada área. Para a súa determinación, poden apoiarse nunha táboa como a seguinte:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Ferramentas de avaliación do traballo competencial	40%
Probas de avaliación escritas/traballos/exposicións/material	40%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	20%
Cualificación total	100%

Ao final do curso:

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1.ª avaliación	25%
2.ª avaliación	25%
3.ª avaliación	25%
Portfolio de aprendizaxe	25%
Cualificación total	100%

Así mesmo observaremos o peso de cada área e competencia de cara á promoción final do alumno, e basearase no rexistro de avaliación e no resto de ferramentas.

10. RECURSOS DIDÁCTICOS

Se utilizarán os seguintes materiais:

- O libro do alumnado para a área de Valores Éticos
- A proposta didáctica para Valores Éticos
- O libro dixital.
- Os cadernos de estratexias metodolóxicas.
- As monografías didácticas.
- A web do profesorado.
- A web do alumnado e da familia.

Ademais, en cada Unidade Didáctica, os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

En cada Unidade Didáctica, recolleranse estas preguntas finais por parte do profesorado:

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Dentro de cada Unidade Didáctica, o profesorado farase as seguintes preguntas:

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas sería posible realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

De igual modo, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

SPECTOS AVALIAR	PARA	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
-----------------	------	------------------	------------------	------------------------------

Temporalización das unidades didácticas				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Manexo dos contidos da unidade				
Descritores e desempeños competenciais				
Realización de tarefas				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				
Recursos				
Claridade nos criterios de avaliación				
Uso de diversas ferramentas de avaliación				
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe				
Atención á diversidade				
Interdisciplinabilidade				

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Utilizaremos o libro de aula e tamén as lecturas que poidamos atopar en Internet e en libros diversos da biblioteca, así coma unha escolma de textos nos que os alumnos estean interesados. Nesta materia será fundamental ler e escribir, e máis que nada á hora de crear blogs ou páxinas comunitarias onde se fará visible a nosa tarefa diaria.

18. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Serán básicos os ordenadores, a aula de Audiovisuais que utilizaremos, así coma o visionado de películas DVD, documentais, fotos ou vídeos da rede. Será habitual o uso de blogs e páxinas onde crearemos a nosa propia información sobre a materia e onde colgaremos o noso traballo.

19. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares previstas para esta materia estarán acordeas coas saídas que realicen os da materia de relixión. Debido za que son poucos alumnos/as realizáremolas de acordo con outros departamentos ou tutorías. Se preveu tres saídas correspondentes aos tres trimestres. Como son alumnos de diferentes cursos (1º, 2º, 3º e 4º) se promoverá o compañerismo, a solidariedade, a convivencia, o traballo grupal e o diálogo.

Polo tanto as saídas serán en contornas naturais ou en contornas culturais e lúdicas.